

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 18 de abril de 2023 pola que se modifica a Resolución do 15 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU503F).

BDNS (Identif.): 683078.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Ampliación do prazo de presentación de solicitudes

Acórdase ampliar o prazo de presentación de solicitudes, establecido no artigo 9 das bases reguladoras da Resolución do 15 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU503F), nun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta ampliación permite que aquelas persoas que non presentasen a solicitude con anterioridade poidan formulala, tendo en conta as modificacións efectuadas.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia de Turismo de Galicia

